



AXUDAS PARA USO DAS TECNOLOXIAS DA INFORMACION PARA MICROEMPRESAS (AGADER)

DOG 157 do 20/08/2012 Resolución 7/8/2012. AGADER.

DATA REMATE: 20/09/2012

Contía da Subvención:

A intensidade da axuda será como máximo do 50% dos investimentos subvencionables recollidos na solicitude, e ata un máximo de 30.000 euros de subvención por beneficiario.

Beneficiarios:

MICROEMPRESAS privadas con domicilio e/ou alta fiscal dentro do TERRITORIO RURAL galego que teñan contrato de Internet alta capacidade ou estar en condición de tener esta conexión na data límite de xustificación da subvención.

Microempresas (menos 10 traballadores no cadro de persoal, incluíndo os de alta no réxime xeral da Seguridade Social e os que deban estar no réxime especial de traballadores autónomos, e non superar os 2 millóns de euros para o volume de negocio anual ou o balance xeral anual, isto é, débese cumprir coa condición de microempresa)

Requisitos Beneficiarios:

Non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia, así como as persoas xurídicas que non teñan ánimo de lucro, aínda que realicen actividade económica.

Conceptos Subvencionables:

1º. Equipamentos electrónicos da rede de datos de área local (LAN) da empresa: ordenadores servidores da rede, equipamentos de comunicacións en rede de cobre ou óptica (switches, routers, amplificadores etc), equipamentos de comunicacións de rede sen fíos (puntos de acceso, concentradores etc).

2º. Equipamentos para a seguridade da rede de datos da empresa: dispositivos fixos de almacenamento da información e barreiras de seguridade (firewalls).

3º. Elementos do cableado estruturado: cable de datos trenzado, fibra óptica, tomas de rede, armarios bastidores, sistemas de alimentación ininterrompida (SAI) nos bastidores, certificacións da rede de cobre ou óptica.



4º. Subministración e instalación de licenzas de software no equipamento hardware do solicitante.

Só se valorarán aquelas solicitudes que representen un investimento subvencionable de polo menos 4.000 euros (sen IVE).

Gastos non subvencionables:

- 1º. Páxinas web.
- 2º. Licenzas de software ofimático (procesador textos, cálculo, presentacións, fotografía, debuxo).
- 3º. Elementos de usuario (ordenadores persoais, SAI de usuario, terminais móbiles, tabletas PC, cámaras de vídeo ou fotografía etc.) e outros equipamentos de uso individual ou compartido (impresoras, fotocopiadoras, escáner etc.).
- 4º. Elementos de rede de datos, cableado e rede sin fíos que non sexan para uso exclusivo e interno da empresa solicitante.
- 5º. Elementos funxibles ou removibles (discos, cintas etc.) ou gastos xerais.
- 6º. Servizos de mantemento ou garantía adicional sobre os elementos adquiridos.
- 7º. Conceptos tales como cotas de conexión, mantemento ou hospedaxe.
- 8º. Calquera gasto respecto do cal non sexa posible identificar o seu alcance concreto, tipo de subministración, características técnicas diferenciadoras, ou no que figuren incluídos e sen cuantificar outros gastos non subvencionables.